



VOLVEREMOS REUNIRNOS, A CONVERSAR, VIAXAR... A AVIVAR OS VIEIROS DA CULTURA

Polas circunstancias vividas o 2021 prorrógase ao 2022 como *Ano Santo Compostelán*. E iso significa abondar sobre os camiños a Compostela e canto significa a Cultura, a Arte, o encontro e a sociedade.

Así pois, máis que en outras ocasións, quixéramos que a estas ringleiras seguira o almanaque 2021 co cronograma de viaxes por Galicia e polo mundo, como viñamos facendo.

Quixéramos poder subliñar, ao menos semanalmente, as nosas actividades no noso espazo de cultura “*Portas Ártabras*”.

Quixéramos volver a atoparnos e reunirnos, como vimos facendo ininterrompidamente dende 1975, camiño do medio século de lembranzas.

Quixéramos seguir a tramar programas, tal como nos singularizou, propondo a cultura da viaxe, pra enxergar, poñer os sentidos sobre os escenarios da Historia e compartilos.

Quixéramos que as circunstancias que nos tocou vivir, as que nos coutan, sirvan de lección para valorar a fragilidade humana e do planeta. Entendendo que a experiencia é a nai da ciencia.

Quixéramos comezar de novo, como xa o vimos facendo, asentando o paso no sentidíño, na responsabilidade individual e colectiva e nas normativas: Actuacións “*carpe diem*” pois.

Quixéramos que as nosas “*Portas Ártabras*” sigan abertas, como seguen estando, cos seus teléfonos e sistemas dixitais dispoñibles a calquera consulta ou proposta, a interrelación.

Quixéramos seguir a experimentar e mellorar as xeiras por Galicia e polo mundo. Atentos ás circunstancias que garantan a saúde... e velaí pro que naceu a cultura, como resposta intelixente.

NAMENTRES, “CARPE DIEM” E COAS PORTAS ABERTAS EN “PORTAS ÁRTABRAS”

Quixéramos seguir co noso programa de intencións para o 2021, no que queda tanto por retomar: asembleas, nomear directiva, normalizar a nosa actividade. Namentres nosa actividade céntrase en:

- Actualizar a comodidade e sistemas audiovisuais de “*Portas Ártabras*”
- Abrirse a consultas por sistemas informáticos
- Videoconferencias

- Interrelación con outros colectivos nas mesmas circunstancias
- Programar e editar novas publicacións divulgativas
- Ofrecer exposicións e actividades de asistencia gradual
- Na medida das posibilidades iranse retomando actividades e xeiras minoritarias por espazos inmediatos da bisbara coruñesa

Refugamos entón canto dana a convivencia e o humanismo que son os nosos fins. E **POÑEMONOS A TODO CANTO IREMOS ANUNCIANDO, “CARPE DIEM”** pois e pro que compre mantermos vencellados polos sistemas de comunicación.

Agradecemos a lealdade das/dos “amigos/os”, o interese mostrado por coñecer o estado da cuestión, en axudar a dar saída a esta situación, onde sae o mellor...e o peor dos humanos. Aprendamos a lección.

E xa sabedes algo do moito que significa “*querer*”. Querémosvos. Ata nos ver

Felipe-Senén



Visita a Cidade Vella da Coruña.
A Colexata

VIAXES LONGAS PREVISTAS PARA O 2021

A intención e a reprogramación das que quedaron pendentes no 2020, sometidas a medidas de seguridade integral: como Teruel e Albarracín/ Rusia/ Vietnam- Cambodia/ Bruxelas... Trátase de itinerarios de “de-seño” cultural, fora dos programas convencionais.

Pra o 2022 as mesmas que estaban en presuposto para o 2021, supe-ditadas a condicións de seguridade:

- * **Xuño:** A Europa céltica (Suíza, Austria...)// Sicilia, Sur de Italia// Malta.
- * **Outubro:** // Antoloxía de Argentina// Perú// Etiopía// Cuba.
- * **Cidades:** // Berlín//Porto// Hamburgo.
- * **Entre outras xeiras,** que incluso poden repetirse con grupos minoritarios, engadirse ou substituír algunha das programadas, sempre en función da seguridade e éxito ... Non esquecemos Euskadi, nin Aragón, Andalucía...



Presentación do Libro Os Torques Ártabros de
Lois Ladra en Fortas Ártabras

“PORTAS ÁRTABRAS”

Así se coñece o espazo de cultura de *Amigos dos Museos de Galicia*, situado na rúa Sinagoga 22, edificio da autoría do arquitecto Antonio López Hernández, o modernista autor de “A Terraza” de Sada. Arquitectura con coidado traballo de carpintaría nas portas exteriores e interiores, as que suxeriron o nome de “*Portas Ártabras*”. Queremos lembrar tamén a antiga denominación da área xeográfica prerromana coruñesa, a dos *ártabros*. Edificio a carón da ábsida da *Colexiata de Santa María do Campo* ou dos *Mareantes*, co camarín da *Virxe da Estrela*, venerada imaxe, orientadora dos nautas coruñeses. “*Portas Ártabras*” é punto de encontro, de información das actividades e con canto ten que ver co patrimonio cultural e co turismo: conferencias, cursiños e exposicións, animan este espazo que conta cunha biblioteca especializada en Galicia e en viaxes.

¿QUÉ É UN MUSEO?

O concepto de museo é cambiante, sometido a modas e novas técnicas museolóxicas. Se ben hai algo que permanece: institución aberta ao público, sen espírito de lucro, que adquire, conserva, investiga e difunde aspectos materiais ou ideolóxicos do acontecer pasado ou presente, ou canto pode arrodear ao ser humano, con fins de estudo, educación, turismo ou simple leer.

¿QUÉ SON AS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DOS MUSEOS?

“... están formadas por homes e mulleres do gran público, sen fins lucrativos, organizados para a promoción e desenvolvemento do museo como institución ó servizo da sociedade” (*I Congreso Internacional das As. de Amigos dos Museos, Barcelona 1972*). A sensibilización co patrimonio cultural de Galicia é o punto de partida para “*Amigos dos Museos de Galicia*”.

PARA CONTACTAR CON AMIGOS DOS MUSEOS DE GALICIA

En “*Portas Ártabras*”, Sinagoga 22, baixo. Trala ábsida da *Colexiata de Santa María*, Cidade Vella. A Coruña 15001

Horario de 19 a 21 hrs. diariamente/ sábados de 12 a 14 hrs.

[T] 981 21 01 01

E-mail: correo@amigosmuseosgalicia.org

Estamos tamén en *facebook* e en *Youtube*, búscanos a través na nosas páxina web www.amigosmuseosgalicia.org

RESUME DE PROGRAMAS PROPOSTOS QUE SE IRÁN CONCRETANDO:

COÑECER, QUERER E DEFENDER O PATRIMONIO CULTURAL

Este é un programa inacabado. Da propia dinámica improvisáranse e nacerán outras actividades. As “*Portas Ártabras*” están abertas a recibir e informar.

“COÑECER GALICIA”

Viaxar de xeito colectivo é algo máis que aprender, é convivir, compartir o que os seres humanos fixemos e desfixemos ao longo da historia: arqueoloxía, arte, etnografía, paisaxe... Deste xeito, a institución do museo proxéctase máis alá do seu continente e das vitrinas ao verdadeiro escenario do acontecer cotián. Roteiros estudados para cada estación do ano, onde sempre haberá algo novo por sentir.

“COÑECE A TÚA CIDADE”

A cidade define aos seus habitantes, verdadeiro museo de actores, onde todo comunica a quen sensiblemente se achega a preguntarlle. Son xeiras explicadas polas propias rúas da cidade, as súas institucións, monumentos e empresas.

“COÑECE OS TEUS MUSEOS”

Hai algo máis que o continente dun museo e que o mesmo contido, formado por obras de arte, por artefactos, curiosidades e explicacións. A institución do museo é un xeito científico de conservar, documentar, estudar, divulgar ou sensibilizar, algo ao que achegarse, a fin de implicarse con canto significa e dignifica a cultura.

PORTAS ABERTAS A OUTROS COLECTIVOS

O noso espazo de cultura está aberto a todos os colectivos que ansían sensibilizar sobre a inmensidade cultural, máis aínda cando coa crise se pechan e limitan espazos para o encontro. Os martes son días dedicados a estes colectivos.

“LUNS DE PROXECCIONS DE ARTE”

Proxeccións de documentais e audiovisuais de autoría propia que introducen a diferentes aspectos da Historia, a Arte, a Etnografía...

“XOVES DE VIAXES”

Un día de cada semana pra presentación de itinerarios ou pra compartir experiencias vividas: proxeccións, fotos, intervencións...



Taj-Mahal (India) 2019

“SEGUNDO XOVES DE MES”: SIMBOLISMO

O enxeñeiro e especialista en simboloxía medieval Xosé Luís García Dornelas, cada segundo xoves de mes, axudado de imaxes, introduce á linguaxe dos símbolos.

CICLO “COMO SE VISITA UN MUSEO”

Cursiño anual dirixido especialmente a pedagogos, estudantes de turismo, animadores culturais, co ánimo de iniciar sobre as posibilidades didácticas e limitacións que ofrece a institución do museo. Experimentando xeitos de interpretar a cidade e o medio como un museo activo que tanto define aos cidadáns de onte, como aos de hoxe. Repaso do estado da cuestión dos museos galegos.



Pedraflita de Gargantáns (Moraña - Pontevedra)

TERTULIAS, CONFERENCIAS, CURSOS

Seminarios feitos de xeito teórico-práctico coa ansia de sensibilizar encol do valor cultural das creacións e os camiños da Arte, Arqueoloxía, Historia, Etnografía...

1 DE ABRIL: “DÍA DAS ARTES DE GALICIA”

En conmemoración da mesma data do ano 1188 no que se erguen os linteis do Pórtico da Gloria, baixo a dirección do Mestre Mateo e segundo consta labrado nos mesmos. Nestes 2020/2021, dedicado pola Academia G. de B. Artes ao arquitecto barroco Domingo de Andrade.

18 DE ABRIL “DÍA INTERNACIONAL DOS MONUMENTOS E DOS SITIOS”

Celebración da xornada para coñecer o estado da cuestión sobre o patrimonio cultural como escenario da “*memoria colectiva*” e como recurso.

18 DE MAIO “DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS”

Celebración dedicada a espallar a significación do museo na educación e na cultura. Xornada na que se da a coñecer o “*PREMIO PEDRA DO DESTINO*” á conservación e difusión do patrimonio cultural.

16 DE NOVEMBRO “DÍA DO PATRIMONIO MUNDIAL”

Xornada pra unha reflexión sobre o estado da cuestión e rendibilidade do patrimonio cultural máis significativo.

CONCURSO FOTOGRAFICO “OBXECTIVO DA MEMORIA”

O tema é o estado da cuestión do Patrimonio Cultural de Galicia. Bases na web.



Biblioteca do Parlamento de Galicia (Santiago de Compostela)